CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Adquisición do coñecemento e comprensión das características da linguaxe empregada nos textos científicos e técnicos nas comunidades socioculturais vinculadas pola tradución.	CB3 CB4	CE4 CE8 CE26 CE27	CT6 CT15 CT23
Estabelecemento das bases para o recoñecemento dos diferentes tipos de tradución practicados no ámbito profesional nos campos científico e técnico e desenvolvemento da capacidade de seleccións eficazmente en función dos correspondentes xéneros textuais que, no marco da tradución científico-técnica, se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE17 CE18 CE22 CE27	CT6 CT15 CT22 CT23
Desenvolvemento da capacidade para recoñecer no texto de partida científico ou técnico redactado en inglés ou en español as estruturas léxicas, morfosintácticas, textuais e conceptuais que se revelarán críticas ou problemáticas no marco da tradución científico-técnica.	CB1 CB2 CB3	CE4 CE17 CE18 CE22 CE26 CE27	CT6 CT15 CT22 CT23
Fomento das capacidades para, autónoma e eficazmente, detectar e analizar problemas tradutivos e para aplicar as pertinentes estratexias de tradución tanto directa como inversa no marco da tradución científico-técnica.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE26 CE27	CT3 CT5 CT6 CT8 CT12 CT14 CT15 CT16 CT22 CT23
Desenvolvemento dun método de traballo eficiente que lle permita abordar un texto científico ou técnico dunha materia inicialmente pouco coñecida para chegar a traducilo adecuadamente.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE5 CE8 CE15 CE17 CE18 CE21 CE27	CT3 CT5 CT6 CT14 CT16 CT22 CT23

## Contidos

Tema	
COÑECEMENTO XERAL E COÑECEMENTO ESPECIALIZADO	Revisión das diferenzas entre coñecemento xeral e coñecemento especializado e das características dos textos que transmiten coñecemento especializado.
A CIENCIA E A TÉCNICA	Diferenzas entre ciencia e técnica. A clasificación das ciencias proposta pola UNESCO.
A COMUNICACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA	Obxectivos e fins. A situación comunicativa: axentes implicados. O texto científico como ferramenta de comunicación. A linguaxe científica como medio de expresión: características e metas. O estilo científico-técnico: características. Tipoloxías de textos e xéneros textuais: características e tradución.
A DOCUMENTACIÓN PARA A TRADUCIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA	O proceso de busca documental: fases e procedementos. Ferramentas para a tradución científico-técnica. Aplicación de estratexias de busca documental á tradución de textos científicos e técnicos.
A TRADUCIÓN INVERSA DE TEXTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS	Contextualización da tradución inversa científico-técnica no mercado da tradución. O artigo científico-técnico especializado: características e tradución.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Traballos tutelados	2	10	12
Sesión maxistral	4	4	8
Proxectos	12	36	48
Resolución de problemas e/ou exercicios	12	24	36
Estudo de casos/análises de situacións	8	16	24
Titoría en grupo	3	0	3
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	4	6
Probas de resposta curta	2	6	8
Probas de autoavaliación	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias teñen dous obxectivos: presentar a materia ao alumnado e reunir información sobre o alumnado para avaliar a situación de partida.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual, elaborará un documento en que reflexione sobre os aspectos do libro de lectura obrigatoria que se lle indiquen e relacionará ditos aspectos cos contidos do curso.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Proxectos	Realización de actividades que enfrontan os alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan exercicios ou encomendas relacionados coa materia. O alumno, de maneira individual ou en grupo, debe resolver adecuadamente a tarefa encomendada aplicando procedementos e estratexias adecuados. Esta metodoloxía inclúe tamén traballo na aula.
Estudo de casos/análises de situacións	Actividades de análise previa dos textos propostos para traducir, en que se inclúe a detección e resolución de necesidades documentais.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Sesión maxistral	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Proxectos	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Titoría en grupo	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias servirán para facer unha avaliación inicial do alumnado que axudará a determinar cal é a situación de partida na materia en canto á competencia tradutora dos estudantes, a súa actitude cara á materia e os seus coñecementos previos.	0	CB1 CE4 CT14 CB2 CE5 CT16 CB3 CE8 CT22 CB4 CE17 CT23 CE22 CE27

Traballos tutelados	O alumnado realizará un traballo tutelado. Neste traballo o estudante, de maneira individual, redactará un documento breve en que reflexione sobre os aspectos do libro de lectura obrigatoria que se lle indiquen e relacione ditos aspectos cos contidos do curso. Será obrigatorio entregar este traballo para poder aprobar a materia. Data de entrega: 9 de novembro de 2015. Lugar: exercicio creado no sitio da materia en FAITIC.	10	CB1 CB3 CB4 CB5	CE4 CE17 CE21 CE27	CT6 CT23
Proxectos	Durante as últimas 4 semanas do curso, correspondentes ao tema 5, os estudantes desenvolverán un proxecto de tradución inversa en grupo. O desenvolvemento do proxecto explicárase de maneira detallada na primeira sesión dedicada ao tema 5. Data de entrega: 11 de xaneiro de 2016. Lugar de entrega: exercicio creado no sitio da materia en FAITIC e impreso na caixa do correo nº 109.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE15 CE17	CT3 CT8 CT12 CT14 CT16 CT22 CT21 CE22 CE27
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os estudantes deben subir ao seu cartafol persoal de FAITIC todas as tarefas que se lles encomenden, sexan exercicios, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou grupais). As profesoras farán un seguimento dos cartafoles persoais do alumnado e corruxarán e puntuarán unha das tarefas propostas (a mesma para todo o alumnado do curso).	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE15 CE17	CT5 CT6 CT14 CT15 CT16 CT22 CT23 CE22 CE27
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Na última semana de docencia do cuadrimestre os estudantes desenvolverán unha proba práctica que consistirá na tradución, do inglés ao español, dun texto breve (sobre 250 palabras). Para o desenvolvemento desta proba non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos. É obrigatorio superar esta proba para superar a materia. Lugar: aula asignada para a docencia da materia. A data exacta da proba anunciarase con suficiente antelación a todos os estudantes matriculados na materia.	20	CB2	CE4 CE5 CE17 CE18 CE22	CT15 CT22
Probas de resposta curta	Ao remate do tema 3, os estudantes desenvolverán una proba teórica de resposta curta en que demostrarán que adquiriron os coñecementos mínimos establecidos (detallados no apartado "Outros comentarios e segunda convocatoria"). Dun total de oito preguntas, deben responder axeitadamente sete. De non superaren esta proba, poderán recuperala ao longo do curso. É obrigatorio aprobar a proba teórica para aprobar a materia. Para o desenvolvemento desta proba non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos. Data de celebración da proba: primeira sesión da semana do 12 ao 16 de outubro de 2015, en horario de clase, na aula correspondente. A data exacta comunicárase con suficiente antelación a todos os estudantes matriculados.	20	CB1 CB2 CB3 CB4	CE4 CE26 CE27	CT15 CT22
Probas de autoavaliación	Ao longo do curso, o alumnado irá desenvolvendo actividades de autoavaliación, que lle permitirán determinar o seu progreso e detectar posibles necesidades de aprendizaxe.	0	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE15 CE17	CT3 CT5 CT6 CT8 CT12 CT14 CT15 CT16 CT22 CT22 CT27

### Outros comentarios sobre a Avaliación

As metodoloxías descritas no cadro anterior e as porcentaxes asignadas a cada unha delas aplícanse ao sistema de avaliación continua, que se corresponde coa avaliación realizada no mes de xaneiro. O sistema de avaliación continua non exige asistencia ás clases, o que permite que todos os estudantes matriculados teñan as mesmas condicións de avaliación na primeira oportunidade de avaliación.

ESIXENCIAS DA PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (XANEIRO):

**- Entregar dentro do prazo establecido o 80% das tarefas encomendadas ao longo do curso, incluídas aquelas que non teñen peso na cualificación final. Todas as tarefas entregadas deben estar completas para que contén como entregadas.**

Dentro dese 80% inclúense obrigatoriedade as seguintes:

- a) Traballo tutelado.
- b) Proxecto de tradución inversa.
- c) Proba teórica de resposta curta sobre os contidos mínimos esixidos\*.
- d) Proba práctica de tradución directa.

Para o desenvolvemento das probas teórica e práctica non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos.

A PROBA TEÓRICA REALIZARASE APROXIMADAMENTE NA SEMANA 6 DO CUADRIMESTRE (12-15 DE OUTUBRO DE 2015) EN HORARIO DE CLASE. A PROBA PRÁCTICA CELEBRARASE NA ÚLTIMA SEMANA DE DOCENCIA DO CUADRIMESTRE EN HORARIO DE CLASE. AS DATAS E HORAS PRECISAS NOTIFICARÁNSELLES CON SUFICIENTE ANTELACIÓN A TODOS OS ESTUDANTES MATRICULADOS A TRAVÉS DA PLATAFORMA FAITIC E POR CORREO ELECTRÓNICO.

Os estudantes teñen dereito, se o solicitan, a un xustificante documental que acredite terse presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

#### SEGUNDA CONVOCATORIA (XULLO)

PARA SUPERAR A MATERIA NA SEGUNDA CONVOCATORIA, OS ESTUDANTES DEBERÁN APROBAR UN EXAME, QUE SE CELEBRARÁ NA DATA OFICIAL PREVISTA POLO DECANATO DO CENTRO E QUE CONSTARÁ DAS SEGUINTE PROBAS (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):

1. Proba teórica sobre os contidos mínimos esixidos\*. (20%)
2. Proba sobre o libro de lectura obrigatoria: o estudante deberá reflexionar brevemente sobre os aspectos do libro que se lle indiquen e relacionalos cos contidos do curso. A proba desenvolverase en calquera dos idiomas da combinación lingüística da materia (10%).
3. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 200 palabras) do inglés cara ao español (40%).
4. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 200 palabras) do español cara ao inglés (30%).

Para desenvolver o exame de segunda convocatoria non se permite o uso de apuntamentos nin medios telemáticos.

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA CONVOCATORIA.

PARA SUPERAR A MATERIA SERÁ NECESARIO OBTEN, COMO MÍNIMO, A CUALIFICACIÓN DE APROBADO TANTO NA PARTE TEÓRICA COMO NA PARTE PRÁCTICA, SEXA CAL FOR A CONVOCATORIA E O SISTEMA DE AVALIACIÓN ELIXIDO.

En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de *suspense* aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.
- Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións).
- Incurran en plaxio total ou parcialmente.

\*CONTIDOS TEÓRICOS MÍNIMOS ESIXIDOS:

1. Diferenzas entre coñecemento xeral e especializado.
  2. Características dos textos especializados.
  3. A comunicación científica: obxectivos, fins e axentes.
  4. Diferenzas entre textos científicos e textos técnicos.
  5. O método científico.
  6. Metas da linguaxe científica.
  7. Elementos e características do estilo científico-técnico.
  8. Notación científica e unidades de medida.
-



---

## Bibliografía. Fontes de información

---

### LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA:

EINSTEIN, Albert. 2000. *Mis ideas y opiniones*. Barcelona: Bon Ton. (Serán de lectura obrigatoria as partes 1 e 5 do libro, excepto o fragmento titulado "Geometría y experiencia" da parte 5).

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA:

AA.VV. 2006. *Scientific Style and Format. The CBE Manual for Authors, Editors and Publishers*. 7th edition. Cambridge: CUP.

AA.VV. 2010. *The Chicago Manual of Style. The Essential Guide for Writers, Editors, and Publishers*. 16th edition. Chicago: The University of Chicago Press.

ALCINA, A. e S. GAMERO, eds. 2002. *La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información*. Castellón: Servei de Publicacions de la Universitat Jaume I.

ALLEY, M. 1996. *The Craft of Scientific Writing*. New York: Springer.

ALLEY, M. 2000. *The Craft of Editing: a Guide for Managers, Scientists and Engineers*. New York: Springer.

BYRNE, J. 2012. *Scientific and Technical Translation Explained*. Manchester: St. Jerome.

CABRÉ, M. T. 1999. *La terminología: representación y comunicación*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada.

CABRÉ, T. e FELIU, J. (eds.). 2001. *La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica (DGES PB96-0293)*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada. Universitat Pompeu Fabra.

COSTA, J. M. 2005. *Diccionario de química física*. Ediciones Díaz de Santos.

GAMERO, S. 2001. *La traducción de textos técnicos. Descripción y análisis de textos (alemán-español)*. Barcelona: Editorial Ariel.

GARRIDO, C. 2001. *Aspectos Teóricos e Prácticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês > Galego)*. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua.

GONZALO, C. e V. GARCÍA, eds. 2000. *Documentación, Terminología y Traducción*. Madrid: Síntesis.

HERMAN, M. 1993. "Technical Translation Style: Clarity, Concision, Correctness", in WRIGHT, S.E & WRIGHT, L.D. (eds.). *Scientific and Technical Translation*. Amsterdam: Benjamins, 11-20.

MARKEL, M. 2012. *Technical Communication*. 10th Edition. New York: Palgrave MacMillan.

MOSSOP, B. 2001. *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome Publishing.

NAVARRO, F. A. 2005. *Diccionario crítico de dudas inglés-español de medicina*. 2ª edición. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana.

PICKETT, N.A., LASTER, A.A. e STAPLES, K.E. 2001. *Technical English Writing, Reading and Speaking*. New York: Longman.

PINTO, M. e J.A. CORDÓN. 1999. *Técnicas documentales aplicadas a la traducción*. Madrid: Síntesis.

SALES SALVADOR, D. 2006. *Documentación aplicada a la traducción: presente y futuro de una disciplina*. Gijón: Trea.

DE LA RIVA FORT, J.A. 2011. "Cuatro herramientas para cuatro actividades profesionales. Recursos de Microsoft Word para la redacción, traducción, corrección y revisión de documentos especializados", en *Panacea@*, 12(33): 88-97.

ROSENBERG, B.J. 2005. *Technical Writing for Engineers and Scientists*. New Jersey: Addison-Wesley.

RICO-VILLADEMOROS, F. e HERNANDO, T. 2011. "La introducción de un artículo científico original: el minusválido corazón del estudio", en *Panacea*, 12(33): 108-111.

**Durante as primeiras sesións do curso entregáraselles aos alumnos un listado máis amplo de bibliografía e indicáraselles cal é a bibliografía instrumental do curso.**

---

## Recomendacións

---

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Traducción científica-técnica idioma 1: Francés-Galego**

Materia	Traducción científica-técnica idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01920			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español**

Materia	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01921			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	scrucos@uvigo.es ocampo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está orientada a un alumnado que se inicia no campo da tradución de textos científicos e técnicos. Preténdese que o alumnado desenvolva a capacidade de traducir profesionalmente este tipo de textos pertencentes a diversos xéneros textuais, ámbitos e graos de especialización. Fomentarase a aplicación das estratexias necesarias para traducir cun grao significativo de autonomía. A direccionalidade do traballo de tradución será directa e inversa. A materia descomponse nun módulo de 27 horas de tradución directa francés > español impartido pola profesora María José Fernández Pintelos e nun módulo de 21 horas de tradución inversa español > francés impartido polo profesor Anxo Fernández Ocampo.			

**Competencias**

Código			
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.		
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo		
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada		
CE8	Destreza para a procura de información/documentación		
CE17	Capacidade de tomar decisións		
CE22	Destrezas de tradución		
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida		
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións		
CE27	Capacidade de razoamento crítico		
CT4	Resolución de problemas		
CT6	Capacidade de xestión da información		
CT7	Toma de decisións		
CT9	Razoamento crítico		
CT15	Aprendizaxe autónoma		
CT16	Adaptación a novas situacións		
CT18	Creatividade		

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Adquirir coñecementos sobre as características fundamentais dos xéneros textuais máis relevantes do ámbito científico-técnico.	CB1	CE4 CE26

Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e a morfosintaxe propias do discurso científico-técnico.	CB1 CB2	CE4 CE5	CT15 CT16
Desenvolver a capacidade de anticipar e recoñecer no texto de partida aqueles termos, estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	CB2 CB3	CE8 CE17 CE22 CE27	CT4 CT6 CT7 CT9 CT15 CT16 CT18
Fomentar a capacidade de detectar, analizar e resolver dificultades traductolóxicas e aplicar as estratexias precisas no marco da tradución de textos científico-técnicos.	CB4 CB5	CE5 CE8 CE17 CE22 CE23	CT4 CT6 CT7 CT9 CT15 CT16 CT18
Coñecer os recursos terminolóxicos e documentais máis utilizados no ámbito da tradución científico-técnica para solucionar as dificultades atopadas durante o proceso tradutivo.	CB2 CB5	CE4 CE5 CE8 CE23	CT6 CT15

## Contidos

Tema	
1. Introducción ó discurso científico-técnico	1.1. Características do discurso científico-técnico. Diferenciación entre tradución científica e técnica 1.2. Competencias na tradución científico-técnica. Xestión dos coñecementos sobre o campo temático e capacidade para documentarse 1.3. Terminoloxía e fraseoloxía. O termo no texto especializado. Estruturas terminolóxicas 1.4. Xéneros e tipoloxías textuais
2. Recursos e fontes documentais	2.1. Anticipación ás dificultades de comprensión do texto científico-técnico 2.2. Familiarización co campo temático 2.3. Procura de terminoloxía e fraseoloxía específicas 2.4. Ferramentas de documentación para o tradutor científico-técnico: memorias, dicionarios, glosarios, bancos de datos, corpora, tesauros, documentación científico-técnica
3. Práctica da tradución científico-técnica	3.1. Etapas da elaboración dunha tradución científico-técnica. Principais dificultades da tradución científico-técnica 3.2. Tradución de textos científico-técnicos de distintos xéneros textuais: xéneros educativos (manual, artigo de revista divulgativa, entrada de enciclopedia etc.), documentos publicitarios, documentos industriais externos (manual de instrucións, prospecto, descrición técnica, etc.), documentos de investigación (artigo de investigación, resumo de artigo científico etc.) 3.3. Revisión e corrección de traducións científico-técnicas 3.4. Mercado laboral da tradución técnica e científica. Situación e requirimentos profesionais

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	0	4
Traballos de aula	40	0	40
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	24	28
Traballos e proxectos	0	78	78

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión presencial na que se presentan os contidos da materia, a metodoloxía seguida, así como os obxectivos que se pretenden alcanzar e o sistema de avaliación que se utilizará.
Traballos de aula	Traballos tutelados, en grupo ou de forma individual, en condicións controladas.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos de aula	Prestarase unha atención personalizada ó alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA ( <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a> )
-------------------	--

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Prestarase unha atención personalizada ó alumnado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificadas, de forma telemática. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma TEMA ( <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a> )

Avaliación		Cualificación	Competencias Avaliadas		
	Descrición				
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	<p>Tradución inversa</p> <p>10% Na primeira semana de decembro de 2015 realizarase unha proba de tradución inversa na aula.</p> <p>A nota desta proba forma parte das cualificacións entre as que se escollen as tres mellores notas, pois calcúlase a nota media do módulo de inversa a partir das tres mellores cualificacións obtidas entre as das tres encomendas e a da proba na aula.</p> <p>Traducción directa</p> <p>30% O 13 de xaneiro de 2016 ás 11 h. realizarase unha proba de tradución directa na aula.</p> <p>As notas de tradución directa e de tradución inversa farán media en caso de que se superen ámbolos dous módulos. De ter algunha das partes suspensas, haberá que presentarse na convocatoria de xullo de 2016 a esa parte, na data establecida polo calendario oficial de exames da Facultade. A nota da parte aprobada conservarase ata a convocatoria de xullo de 2016.</p>	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE17 CE22 CE26 CE27	CT4 CT6 CT7 CT9 CT18
Traballos e proxectos	<p>Tradución inversa</p> <p>30%</p> <p>A nota media do módulo de tradución inversa, que representa o total de 40% da nota final, elabórase a partir das tres mellores notas dun total de catro cualificacións.</p> <p>Tres das cualificacións proceden de encomendas. A primeira deberase entregar na última semana de setembro, a segunda na primeira semana de novembro e a terceira na segunda semana de decembro de 2015, todas elas via Faitic.</p> <p>A cuarta cualificación procede do exame en aula (véxase o punto de tradución inversa do apartado de Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas).</p> <p>Traducción directa</p> <p>30 % Dúas encomendas. Unha na semana de traballo autónomo do 1º C (do 2-7 nov.) e a segunda a primeira semana lectiva de xaneiro (11-15 xan. 2016) Farase nota media das mesmas.</p> <p>Se a nota da segunda encomenda de dierecta supera polo menos en 1 punto á primeira, só se terá en conta a nota da segunda para facer as porcentaxes.</p>	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE5 CE8 CE17 CE22 CE23 CE26 CE27	CT4 CT6 CT7 CT9 CT15 CT16 CT18

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Avaliación continua

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso nun módulo ou nos dous módulos deberá presentarse ó exame do(s) módulo(s) suspenso(s) á convocatoria da segunda edición de actas en xullo de 2016 na data establecida polo calendario oficial de exames da Facultade.

De ser o caso, a nota do módulo aprobado en avaliación continua conservarase unicamente ata a convocatoria da segunda edición de actas de xullo de 2016.

### **Primeira edición de actas (xaneiro de 2016)**

A parte de tradución directa suporá o 60% da nota final e a parte de tradución inversa suporá o 40% da nota final.

Tradución directa: deberá presentarse a un exame o día 13 de xaneiro ás 11 h. e entregar unha encarga que se dará o mesmo día do exame, e que contará o 50% da nota.

Para a tradución inversa: o alumnado concernido terá que realizar un exame de tradución na aula e na data correspondentes á derradeira sesión da materia en decembro de 2015.

A nota da parte aprobada na primeira edición das actas en xuño de 2016 conservarase ata a convocatoria da segunda edición de actas de xullo de 2016.

### **Segunda edición de actas (xullo de 2016)**

A parte de tradución directa suporá o 60% da nota final e a parte de tradución inversa suporá o 40% da nota final.

Tradución directa: deberá presentarse a un exame na data establecida e entregar unha encarga que se dará o mesmo día do exame, e que contará o 50% da nota.

Para a tradución inversa: o alumnado concernido terá que realizará un exame de tradución na aula e na data correspondentes ó exame oficial desta materia, segundo o calendario da Facultade.

Para algunha das probas de tradución, o equipo docente poderá fixar un prazo de entrega posterior á data da convocatoria.

Calquera copia o plaxio será cualificado con 0 (cero), e o traballo non se poderá repetir.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Alcina Caudet, A. y S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, 2002,

Cabré, T. y Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, 2001,

De l'Homme, M.-C., **La terminologie : principes et techniques**, 2004,

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, 2001,

Gutiérrez Rodilla, B., **La ciencia empieza en la palabra. Análisis e historia del lenguaje científico**, 1998,

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, 2005,

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, 2002,

Kocourek, R., **La langue française de la technique et de la science**, 1991,

Maillot, J., **La traducción científica y técnica**, 1997,

Martínez de Sousa, J., **Ortografía y ortografía del español actual**, 2004,

Montalt i Resurrecció, V., **Manual de traducción científicotécnica**, 2005,

Muñoz Torres, C.A., **"Hacia una tipología de géneros médicos inglés-español"**, 2003,

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, 2006,

Nota: completarse a bibliografía en clase e os alumnos deberán tamén consultar os fondos da biblioteca e outras fontes.

A obra de S. Gamero Pérez *La traducción de textos técnicos* considerárase lectura obrigatoria nos termos establecidos na clase.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302

Introducción aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

---

#### **Outros comentarios**

Requírese un nivel de francés C1.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego**

Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01922			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo primordial desta materia é un achegamento tanto á actividade da tradución audiovisual en si mesma como a todos os aspectos que a rodean e que van influír no traballo do profesional da tradución. Isto será imprescindible para que os futuros tradutores e tradutoras adquiren unha base sólida sobre a que comezar a traballar e para que coñezan polo miúdo e tomen conciencia do factor colectivo desta actividade, primeiro paso para enfrontarse a unha encomenda de tradución audiovisual. Trátase dunha introdución ao campo e á combinación na que se dará unha visión panorámica das principais modalidades e se exporán con maior detimento 2: subtitulación e dobraxe.			

**Competencias**

Código		
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	
CE17	Capacidade de tomar decisións	
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira	
CT5	Coñecementos de informática aplicada	
CT6	Capacidade de xestión da información	
CT7	Toma de decisións	
CT12	Traballo en equipo	
CT15	Aprendizaxe autónoma	
CT16	Adaptación a novas situacións	
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica	

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (inglés e galego) a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CE2 CE3 CE4	CT1 CT2 CT15 CT17 CT22
Dominio de técnicas de tradución asistida/localización		
Ter un coñecemento profundo da cultura das dúas linguas de traballo, que repercutirá nunha comprensión óptima dos textos audiovisuais orixinais, factor clave para a realización dunha tradución de calidade.	CE2 CE8 CE28	CT6 CT15 CT17



Analizar correctamente todos os aspectos relativos a cada encargo de tradución audiovisual concreto, para deseñar unha estratexia xeral de traballo apropiada e produtiva.	CE8 CE9 CE17	CT6 CT7 CT12 CT15 CT16 CT22
Analizar o texto orixinal para detectar problemas de tradución ou problemas derivados da modalidade de tradución audiovisual concreta coa que se estea a traballar. Aprender a resolver eses problemas escollendo a solución máis apropiada entre varias e sabendo xustificar a escolla.	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE28	CT1 CT2 CT6 CT7 CT16 CT17 CT22
Aplicar os coñecementos de informática para aprender a manexar todas as ferramentas que se requiren para certas modalidades de tradución audiovisual.	CE14	CT5

## Contidos

Tema	
1. Introducción á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Os medios audiovisuais.  1.2. O texto audiovisual. Características e particularidades.  1.3. A tradución audiovisual (TAV). Definición e modalidades.  1.3.1. Características diferenciais da TAV.  1.3.2. Modalidades principais de TAV. Características e particularidades.  - Dobraxex.  - Subtitulación.
2. A práctica da TAV.	2.1. A dobraxe. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais).  2.2. A subtitulación. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais).  2.3. Análise crítica de estudos de caso.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	24	36
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	48	48
Proxectos	0	30	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	33	0	33
Outras	3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos recollidos no apartado correspondente desta guía. Malia tratarse de sesións maxistras, cómpre a participación activa do alumnado (resolución de dúbidas, debates abertos, etc.).
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos de tradución audiovisual, que se expoñerán e corruxirán nas correspondentes sesións prácticas presenciais.

Proxectos	<p>Preparación de dúas encomendas, unha por cada modalidade básica (dobraxa e subtítulos). Poden facerse de xeito individual ou colectivo, previa consulta coa profesora. Adoptarán as seguintes formas:</p> <p>- SUBTITULACIÓN: Realización de 40 subtítulos e xustificación (se o alumno/a o considera pertinente) das decisións de tradución. O alumno escollerá o material de traballo e consultará coa profesora a súa pertinencia antes de emprender a tarefa.</p> <p>- DOBRAXE: Opción 1: tradución borrador para dobraxe de 7 minutos dun documento audiovisual (debe conter narración/diálogos na maior parte dos 7 minutos). Opción 2: análise crítica dunha tradución para dobraxe xa existente (15-20 minutos mínimo ou o que o alumno/a estime oportuno para dar conta de problemas/solucións de tradución tomadas). O alumnado deberá demostrar que adquiriu as técnicas necesarias para levar a cabo con éxito unha tradución audiovisual, sexa para dobraxe ou para subtítulos e que dispón das ferramentas analíticas mínimas para facer unha análise crítica ou para explicar as súas decisións de tradución.</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios	Sesións prácticas que se desenvolverán a modo de obradoiros de comentario e tradución en equipo a partir das propostas individuais (previamente preparadas) de cada alumno ou alumna. O alumnado deberá demostrar que conta cunhas destrezas básicas á hora de acometer unha tradución audiovisual e, así mesmo, que interiorizou os conceptos básicos expostos nas sesións teóricas. Estas sesións terán lugar na aula habitual e na biblioteca cando o traballo en equipo e a consulta de material bibliográfico (revistas especializadas) así o requira. Neste caso, estarán titorizados en tempo real dende faitic pola profesora.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Proxectos	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Probas	Descrición
Outras	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Proxectos	Dúas encomendas de tradución (vid. metodoloxía docente). As datas de entrega fixaranse na clase e publicaranse en faitic, atendendo ao calendario e tendo en conta os períodos sen docencia e unha distribución racional da carga de traballo.	50	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE17	CT1 CT5 CT6 CT7 CT12 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	Asistencia habitual ás sesións presenciais e participación activa, que require a preparación previa dos exercicios propostos. Entrega de todos os traballos e exercicios de clase que a profesora demande.	10	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE14 CE17	CT1 CT5 CT6 CT7 CT22
Outras	Exame final da materia, con tempo controlado e material restrinxido, que constará de dúas partes: - Parte teórica sobre os contidos expostos nas sesións maxistras, aplicados e desenvolvidos durante as sesións prácticas. As respostas redactaranse en lingua galega. (30%). - Parte práctica que pode adoptar a forma de traducións de microtextos con problemas específicos de TAV ou análise dalgún caso proposto (70%). A data do exame final será consensuada en clase coa profesora.	40	CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE17 CE28	CT1 CT6 CT7 CT22

---

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

---

Recoméndase a avaliación continua (sistema Bolonia). Se un alumno ou alumna non pode acollerse ao sistema de avaliación continua, deberá informar á profesora e renunciar por escrito a este sistema de avaliación nun prazo de dúas semanas a partir do primeiro día de clase. Neste caso, deberá realizar o exame final de avaliación única o mesmo día da proba final da avaliación continua. Tamén terá que realizar un exame de todos os contidos da materia o alumnado que suspenda a avaliación continua e se presente en xullo (2ª edición de actas).

Tanto o exame de avaliación única como o exame de xullo consistirá nunha proba con dúas partes:

- Parte teórica sobre os contidos recollidos nesta guía (30%).
- Parte práctica que pode adoptar a forma de traducións de microtextos con problemas específicos de TAV ou análise dalgún caso proposto (70%).

A data do exame de xullo será fixada polo Decanato.

Se se detecta o plaxio nalgún dos traballos entregados, a cualificación será 0.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

Agost, R. 1999.

*Traducción y doblaje: palabras, voces e imaxes*

. Barcelona: Ariel.

Chaume, F. 2004. *Cine y Traducción*. Madrid: Cátedra.

Díaz Cintas, J. 2003. *Teoría y práctica de la subtítulos inglés/español*. Barcelona: Ariel.

L. Dobao, X.A. 2004. [Dez teses para interpretar a dobraxe en Galicia], en *A trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico*, vol. 59, 377-390.

Lorenzo, L. e Pereira, A.M. (eds.). 2000. *Traducción subordinada (I) El doblaje*. Vigo: Universidade de Vigo.

Lorenzo, L. e Pereira, A.M. 2001. *Traducción subordinada (II) El subtítulo*. Vigo: Universidade de Vigo.

Montero Domínguez, X. (2006) [Acheegas para a tradución de produtos destinados á dobraxe cara ao galego], en *Viceversa* 12, Vigo: ATG-Universidade de Vigo, pp. 111-120.

Montero Domínguez, X. (ed.) 2010. *Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña. Experiencias investigadoras e profesionais*. Vigo: Universidade de Vigo.

VV.AA. 2012. *Superdiccionario castelán-galego*. Cangas do Morrazo: Editorial Morgante.

\* Esta bibliografía básica complementarase na aula.

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español**

Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01923			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia concíbese como un espazo didáctico que ha de servir ao alumno, por unha banda, para coñecer os conceptos básicos da tradución audiovisual, fundamentalmente as súas modalidades principais, a dobraxe e o subtítulado, e, por outra, para saber identificar os principais problemas de tradución dos textos audiovisuais en lingua inglesa e implementar as estratexias para resolvelos. Así mesmo, o alumno aprenderá a aplicar métodos analíticos aos textos audiovisuais co fin de alcanzar unha boa tradución (análise textual e contextual) ou de establecer a calidade de traducións xa existentes e saberá manexar un programa de subtitulación.			

**Competencias**

Código	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

**Resultados de aprendizaxe**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O alumno coñecerá os conceptos básicos da tradución audiovisual, fundamentalmente nas modalidades de dobraxe e subtítulado.	CE9	
O alumno identificará os principais problemas de tradución dos textos audiovisuais en lingua inglesa e aplicará as estratexias apropiadas para resolvelos	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE13 CE17 CE18	CT2 CT7 CT15 CT17 CT22

O alumno aplicará métodos analíticos aos textos audiovisuais e ás traducións audiovisuais do inglés co fin de obter unha tradución de calidade ou de avaliar a calidade de traducións existentes.	CE18	CT8 CT14
O alumno aprenderá a manexar un programa de subtítulado.	CE14 CE18	CT5 CT6 CT12 CT16 CT22

## Contidos

Tema	
1. INTRODUCCIÓN Á TRADUCIÓN AUDIOVISUAL (TAV)	1.1. Definición de TAV 1.2. Características diferenciais do TAV 1.3. Tipoloxía do texto audiovisual 1.4. Modalidades básicas de TAV: dobraxe, subtítulado e modalidades menores
2. O SUBTITULADO	2.1. Historia: evolución do subtítulado en España 2.2. Etapas do proceso de subtítulado 2.3. A práctica subtítuladora: software, condicións laborais, convencións, o discurso subtítulador 2.4. Principais problemas de subtítulado: xerais (referentes culturais e intertextuales, xogos de palabras, etc.) e específicos (limitacións de espazo, "canned laughter", subordinación da palabra á imaxe, carácter "vulnerable" e oralidade prefabricada)
3. A DOBRAXE	3.1. Historia: evolución da dobraxe en España 3.2. Etapas do proceso de dobraxe 3.3. Tipos de encargos 3.4. Convencións de dobraxe 3.5. Principais problemas de dobraxe: xerais (tradución de neoloxismos, do humor, etc.) e específicos (subordinación da palabra á imaxe, "canned laughter" e oralidade prefabricada)

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	21	0	21
Traballos de aula	9	0	9
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	21	21
Estudos/actividades previos	0	15	15
Sesión maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Probos de resposta curta	2	12	14
Traballos e proxectos	0	30	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistras exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas e distintos tipos de exercicios que se farán na aula, normalmente en parellas ou pequenos grupos.
Traballos de aula	Actividades máis extensas nas que non só se pon en práctica o asimilado a través de explicacións e lecturas, senón que buscan fomentar a aprendizaxe e práctica autónomas, o espírito crítico, o traballo en equipo, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistras exercitaranse a través de actividades e prácticas que o alumno realizará individualmente en casa.
Estudos/actividades previos	Todas as unidades do temario teñen unha bibliografía básica obrigatoria que o alumno debe assimilar, xa que será examinado do seu contido.
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras explicaranse os puntos teóricos que, a continuación, exercitaranse mediante actividades prácticas fose e dentro da aula. É fundamental que devanditos puntos teóricos sexan estudados e asimilados polo alumno.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicarase a explicar con detalle os obxectivos que se pretenden alcanzar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.

Titoría en grupo Nas tutorías grupais comentaranse e revisarán as entregas obrigatorias previstas para esta materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na resolución de problemas e/ou exercicios, nos traballos que levan a cabo na aula e no resto de metodoloxías, o alumno recibirá atención personalizada sempre que así o requira a través de foros da plataforma de docencia, tutorías presenciais ou vía correo electrónico.
Traballos de aula	Na resolución de problemas e/ou exercicios, nos traballos que levan a cabo na aula e no resto de metodoloxías, o alumno recibirá atención personalizada sempre que así o requira a través de foros da plataforma de docencia, tutorías presenciais ou vía correo electrónico.

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Probas de resposta curta Proba de resposta curta dos contidos teóricos da materia. Para que faga media, hai que sacar un mínimo de 5 nesta proba. DATA: última semana de clase	30	CE3 CT15 CE4 CT22 CE9
Traballos e proxectos Realizaranse dúas entregas, unha de subtitulado e outra de dobraxe. As datas de entrega fixaranse en clase, atendendo ao calendario e tendo en conta os períodos sen docencia e unha distribución racional da carga de traballo.	70	CE2 CT2 CE3 CT5 CE4 CT6 CE5 CT7 CE8 CT8 CE9 CT12 CE13 CT14 CE14 CT16 CE17 CT17 CE18 CT22

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua. No entanto, se algún alumno, por motivos xustificadas, non pode seguir este sistema de avaliación, deberá presentar nas dúas semanas seguintes ao día en que se matricule un xustificante especificando este particular. Para ser avaliado na primeira edición de actas deberá entregar o traballo de subtitulado, o de dobraxe e presentarse á proba teórica.

O alumno que non alcance a nota mínima presentarse en xullo ás partes non superadas. As partes aprobadas gardaranse unicamente ata a convocatoria de xullo.

#### SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO):

Haberá un único exame na data fixada polo centro que abarcará todos os contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (para que as partes (teórica e práctica) fagan media, é necesario obter un mínimo de 2,5 sobre 5 en cada parte). O exame realizarase na lingua termo da combinación da materia.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

### Bibliografía. Fontes de información

#### SON DE LECTURA OBRIGATORIA OS LIBROS DE CHAUME E DÍAZ CINTAS

Chaume Varela, Frederic. 2004. *Cine y traducción*. Madrid: Cátedra.

Díaz Cintas, Jorge. 2003. *Teoría y práctica de la subtitulación inglés-español*. Barcelona: Ariel.

URUsoft. 2001-2004. *Subtitle Workshop v. 2.51*. Disponible en <http://subtitle-workshop.uptodown.com>.

A bibliografía completaras e na aula.

### Recomendacións

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Traducción idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310

Traducción idioma 1, II: Inglés-Español/V01G230V01503

Traducción idioma 1, III: Inglés-Español/V01G230V01606

---

## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego

Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01924			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Profesorado	Montero Domínguez, Xoán Manuel			
Correo-e	xoanmontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	-Introducir o alumnado nas técnicas da tradución audiovisual. -Desenvolver aptitudes para poder acometer calquera encomenda de tradución audiovisual. -Familiarizarse cos xéneros audiovisuais.			

## Competencias

Código	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
CE17	Capacidade de tomar decisións
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT18	Creatividade

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CE3 CE4	CT1 CT15
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto audiovisual. SUBCOMPETENCIAS: coñecer textos de tipo audiovisual coas súas características propias (dobraxa e subtitulación)		
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	CE2	
COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo audiovisual. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os axentes que interveñen no proceso de tradución audiovisual (iniciador, mediador (estudio), tradutor, cliente, espectador...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución audiovisual. Identificar os problemas de tradución audiovisual e aprender a resolvelos, e argumentar as escollas. Traducir textos especializados. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas de tradución (procesadores de texto, programas de subtitulación...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural e como axente normalizador. Coñecer as normas de revisión e presentación de traducións. Coñecer o mercado laboral e a práctica profesional. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CE7 CE17	CT1 CT5 CT18

## Contidos

Tema	
------	--



1. Introducción á tradución audiovisual	1.1. Definición de tradución audiovisual (TAV) 1.2. Características diferenciais da TAV 1.3. Tipoloxía do texto audiovisual 1.4. Modalidades básicas de TAV: dobraxe, subtítulos, localización, multimedia...
2. A subtítulos	2.1. Etapas no proceso de subtítulos 2.2. A práctica subtítuladora 2.2.1. Software de subtítulos 2.2.2. Convencións de subtítulos 2.2.3. O discurso subtítulador: reducións, simplificacións léxicas, equilibrio sintáctico, etc.
3. A dobraxe	3.1. Historia 3.2. Etapas no proceso de dobraxe 3.3. Convencións de dobraxe en galego 3.4. Problemas principais de tradución (xerais e específicos de TAV)
4. O axuste	4.1. Etapas do axuste

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	12	24
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	30	50	80
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	6	40	46

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	As 10h de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución audiovisual desde o francés cara ao galego en Galicia e a explicar o proceso tradutor para a subtítulos e para a dobraxe. Malia estaren no apartado de sesións maxistras, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Neste apartado de 30 horas, realizaranse correccións exercicios de ámbito audiovisual ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistras.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo co docente para formularlle as súas dúbidas.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo co docente para formularlle as súas dúbidas.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto en clase como fóra da aula, por medio de titorías presenciais e/ou titorías telemáticas. Deste xeito, o alumno poderá estar en contacto directo co docente para formularlle as súas dúbidas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos.	20	CE2 CE3 CE4 CE7 CT1 CT5 CT15 CT18
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora do ámbito audiovisual corrixidos na aula.	10	CE2 CE3 CE4 CE7 CT1 CT5 CT15 CT18

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Neste apartado, entregaráselle ao alumnado unha encarga (ou exame) para ser traducida que tente simular situacións reais de traballo. Esta formará parte da avaliación continua.	70	CE2 CE3 CE4 CE7 CE17	CT1 CT5 CT15 CT18
---	--	----	----------------------------------	----------------------------

---

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse ou non á avaliación continua. En caso de aprobar todas as probas con nota igual ou superior a 5/10, considerarase que o alumnado aprobou a avaliación continua. Non se fai nota media. De non aprobar a avaliación continua, deberá avaliarse de todo o temario na convocatoria de xullo.

O alumnado que non siga a avaliación continua deberá realizar un exame a finais do cuadrimestre (avaliación única) sobre todos os contidos da materia especificados no apartado CONTIDOS da guía docente, así como das lecturas obrigatorias.

O exame da convocatoria de maio (avaliación única) e de xullo consistirá na realización dunha tradución do francés ao galego dun texto audiovisual (que contará o 70% da nota), así como do control das lecturas obrigatorias (que contará o 30% da nota). As faltas de ortografía penalizaranse con 1 punto/erro.

Datas das probas:

- Avaliación continua:
- Proba de teoría: Na décima semana
- Proba tradución audiovisual: Penúltima semana de docencia
- Avaliación única: Última semana de docencia

O que suspenda a convocatoria de maio, terá que avaliarse de todos os contidos da materia en xullo.

Penalizarase a copia ou plaxio.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Bibliografía obrigatoria

CHAUME, F. (2004) Cine y traducción , Madrid: Cátedra, col. Signo e Imagen.

DÍAZ CINTAS, J. (2003) Teoría y práctica de la subtítulos inglés-español , Barcelona: Ariel.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (2006) [Acheugas para a tradución de produtos destinados á dobraxe cara ao galego], en Viceversa 12 , Vigo: ATG-Universidade de Vigo, pp. 111-120.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. [ed.] (2010) Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña , Vigo. Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (2014) "Televisións públicas autonómicas y traducción: la importancia del doblaje en la consolidación de las lenguas del Estado, en MONTERO DOMÍNGUEZ, X. [ed.] Traducción e industrias culturales. Nuevas perspectivas de análisis, Frankfurt. Peter Lang, pp. 121-132.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (2015) La traducción de proyectos cinematográficos. Modelo de análisis para los largometrajes de ficción gallegos, Frankfurt. Peter Lang

Bibliografía recomendada

AGOST, R. (1999): Traducción y doblaje: palabras, voces e imaxes , Barcelona, Ariel.

CHAUME, F. (2003) Doblaje i subtítolació per a la TV , Vic: Eumo Editorial.

DOBAO, X.A. (1994) [A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha nova política lingüística (II)], en Cadernos de Lingua, vol. 9, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 27-53.

DOBAO, X.A. (2004) [Dez teses para interpretar a dobraxe en Galicia], en A Trabe de ouro, 56 , Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 377-390.

DURO, M. (2001): La traducción para el doblaje y la subtitulación , Madrid, Cátedra.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (2005) [Un achegamento á tradución para a dobraxe en Galicia], en Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, 8 , Madrid: Publicaciones Universidad Complutense de Madrid, pp. 91-96.

MONTERO DOMÍNGUEZ, X. (2010) [La traducción de nuestro cine: el denominado cine gallego], en Federici, F. (ed.) Translating Regionalised Voices in Audiovisuals , Roma: Aracne, pp. 221-234.

---

## **Recomendacións**

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Traducción medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español**

Materia	Traducción medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01925			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego**

Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01926			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia de especialización nas teoría e práctica da tradución editorial, na combinación de inglés a galego, é dicir, tradución directa. Nesta disciplina, enténdese que a etiqueta de tradución editorial engloba todos aqueles produtos traducidos suxeitos a un proceso editorial, profesional e pautado segundo a secuenciación dos protocolos normativos internacionais (UNE-EN 15038: 2006). A tradución editorial enténdese, xa que logo, como un proceso; proceso que se lle exporá ao alumnado para que acade a calidade obxecto de avaliación en consonancia cos estándares existentes no mercado e, polo tanto, de grande utilidade para o seu futuro profesional como tradutoras e tradutores. O alumnado poderá achegarse á práctica profesional das principais modalidades de tradución editorial presentes no mercado actual, nas linguas citadas, é dicir, tradución de literatura para audiencia adulta e cativa; as principais: ensaio, poesía, prosa e teatro, malia que tamén outros produtos sometidos a edición como material publicitario e de divulgación (extractos explicativos de libros, CD, DVD...--"galletas", sinopses...-- ) e documentación interna de institucións internacionais. Mediante a simulación de procesos reais de tradución editorial, o alumnado poderá coñecer e/ou adquirir as competencias esixidas polo mercado profesional non só en materia de tradución, senón tamén de iniciación á edición. Os materiais empregados extraeranse de encomendas reais de tradución profesional.			

**Competencias**

Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade

CT15 Aprendizaxe autónoma

CT17 Comprensión doutras culturas e costumes

CT22 Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

### Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Competencia lingüística: dominar á perfección a norma e os usos das linguas de traballo (inglés-galego), a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	CE1	CT10
	CE2	CT14
Subcompetencias: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	CE3	CT17
	CE4	CT22
	CE8	
	CE12	
	CE25	
	CE30	
	CE32	
	CE33	
Competencia comunicativa e cultural: comprender textos redactados na lingua orixe.	CE1	CT1
Subcompetencia: coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender á perfección os textos, así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais; entre elas, saber relacionarse coas e cos diferentes axentes, é dicir, relación tradutora/tradutor-clienta/cliente.	CE2	CT2
	CE3	CT7
	CE4	CT9
	CE8	CT10
	CE17	CT15
	CE18	CT17
	CE19	
	CE21	
	CE22	
	CE24	
	CE27	
	CE30	
	CE32	
	CE33	
Competencia textual: comprender a estrutura e os principios organizadores dos textos que se editan. Subcompetencias: coñecer os diferentes tipos de texto mencionados e as súas características (argumentativos, expositivos...), así como a técnica de edición máis común á que adoitan ser sometidos.	CE1	CT17
	CE3	
	CE4	
	CE33	
Competencia tradutora: saber traducir un texto sen interferencias e con calidade.	CE8	CT4
Subcompetencia: identificar as e os axentes do proceso de tradución editada (autoría, axente que traduce, autorrevisa, corrixe, revisa de xeito alleo, paxina, maqueta, compón a páxina, axente receptora ou receptor, quen e cómo critica e recensiona, quen e cómo realiza os controis de calidade, as auditorías da Norma...) e a función do texto. Coñecer as distintas técnicas e estratexias empregadas pola tradutora ou tradutor como editora ou editor, pola tradutora ou tradutor como correctora ou corrector, como revisora ou revisor, así como o mercado laboral no que estas e estes axentes desenvolven o seu labor profesional na actualidade (cántas editoriais precisan tradutoras e tradutores con inglés e galego e cál é o seu volume de publicación). Para isto, definirase a tradución de encomendas individuais e en equipo, así como se ensinará a xestionar proxectos de tradución editorial.	CE10	CT7
	CE17	CT8
	CE18	CT9
	CE21	CT10
	CE22	CT11
	CE24	CT12
	CE25	CT14
	CE27	CT15
Ser capaz de utilizar con provecho las diversas fuentes de información y herramientas de trabajo de las que hoy dispone el traductor profesional, tanto las tradicionales como las enmarcadas en las TIC.		

### Contidos

Tema	
1 A industria editorial.	1.1 Historia da tradución en Galicia: edición e tradución (1991-2005, 2006-actualidade).
2 A industria editorial en galego e inglés.	2.1 Traducir para editoriais: simulación real dunha proposta de proxecto de tradución editorial para unha editorial en Galicia (candidatura voluntaria por parte do alumnado á empresa editora). 2.2 Traducir para empresas: publicación real dunha tradución editorial cara ao galego para unha empresa internacional (demanda real da empresa ao alumnado).

3 Lexislación para emprender: tradutoras/es autónomos ou SL?	3.1 Lei de propiedade intelectual. 3.2 Propiedade industrial. 3.3 Tradutoras/es autónomos ou SL?
4 Ética e deontoloxía profesionais na consecución da calidade na tradución: o modelo Qualitrapo como protocolo para unha tradución editorial de calidade.	4.1 Códigos deontolóxicos: os principais das asociacións de profesionais de tradución. 4.2 Tradución como profesión: asociacionismo (de profesionais, de empresas de tradución, federacións en España). 4.3 Calidade e tradución: asociacionismo (ISO, AENOR, AEN, CTN) e normas (ISO, EN, UNE-EN). 4.4 Simulación da aplicación dun modelo para traducir no tema 5 desta materia.
5 Práctica do proceso de tradución editorial emulando o modelo Qualitrapo para a edición traducida.	5.1 Tradución dun "best-seller" actual de Amazon e proposta mediante candidatura voluntaria (v. 2.1). 5.2 Tradución de poesía.
6 Práctica do proceso de revisión para a edición segundo a terminoloxía da norma "ISO 17100 Translation services □ Requirements for translation services".	5.3 Tradución de banda deseñada. 5.4 Tradución de material divulgativo de evento internacional contemporáneo. 6.1 Introducción e práctica simulada en aula da revisión das traducións (v. 5) sobre papel vs. en pantalla segundo a terminoloxía da norma "EN 17100": conferencia-seminario de membro AEN/CTN 174 "Servicios de traducción" de AENOR. 6.1.1 Chamadas de corrección internacionais. 6.1.2 Corrección humada por parte de empresas: mostra real.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1.5	1.5	3
Sesión maxistral	12	28	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	20	30
Traballos tutelados	1.5	3	4.5
Presentacións/exposicións	3	9	12
Prácticas de laboratorio	18.5	39	57.5
Probas de resposta curta	1.5	1.5	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	A profesora presentará o programa docente, mediante explicación polo miúdo dos contidos, os traballos que cómpre realizar para as presentacións, así como as lecturas de carácter obrigatorio e mais o sistema de avaliación. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades introductorias. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das actividades introductorias.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais están destinadas a presentar a tradución editorial e a explicar o proceso tradutivo profesional. Malia a estaren no apartado de sesións maxistrais, a impartición será de índole participativa e sempre irá acompañada de apoio mediante soporte práctico. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das sesións maxistrais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Consistirá na resolución de exercicios de tradución de diferentes tipos de textos na modalidade editorial cos que se tentará emular o proceder profesional da tradución como proceso. Mediante estes exercicios poderán resolverse problemas (dificultades de tradución) empregando as técnicas necesarias para a corrección sobre papel e en pantalla. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade da resolución de problemas e exercicios.
Traballos tutelados	O alumnado poderá realizar un traballo voluntario sobre algún dos aspectos tratados nos contidos da materia presentados nas sesións maxistrais, que será explicado pola profesora. Durante a hora e media presencial dedicada a este apartado, a profesora explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo, así como realizará coa participación do alumnado unha simulación dun pre-traballo mediante proxección. Este traballo non é obrigatorio, pero podería subir a cualificación; nunca baixala.
Presentacións/exposición	O alumnado presentará de xeito individual os resultados do seu traballo en idioma I na aula.

Prácticas de laboratorio	O alumnado realizará encomendas de tradución editorial, revisión e corrección dos tipos de textos mencionados no temario, emulando os dous procesos profesionais reais presentados durante as sesións. Estas encomendas realizaranse na aula. O alumnado contará co apoio do material e as fontes de consulta necesarias para acadar un produto traducido idóneo, segundo as referencias facilitadas pola profesora. Unha vez autorrevisada a tradución, a profesora procederá á súa revisión mediante a proxección das opcións de tradución que o alumnado lle facilite. Desbotaranse as non correctas e validaranse como definitivas as correctas. A continuación, o alumnado intercambiará as traducións e realizarase a revisión allea mediante cotexo coa versión validada e definitiva dispoñible na proxección. As cualificacións serán apto ou non apto. Facilitarase un modelo de baremo previamente. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que a formule por escrito durante ou tras estas actividades. A resposta será facilitada por escrito, a través do correo electrónico, en horario de titorías. De non haber dúbidas por escrito, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das prácticas de laboratorio.
--------------------------	---

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de encargos se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.
Sesión maxistral	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de encargos se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de encargos se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.



Traballos tutelados A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de encargos se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.

Prácticas de laboratorio A atención personalizada ao alumnado ponse de relevo no seguimento ás clases prácticas, é dicir, antes, durante e tras as actividades de resolución de problemas e/ou exercicios, así como nos traballos tutelados e nas prácticas de laboratorio. Como resultado, o alumnado obterá unha avaliación das súas encomendas de tradución (apto ou non apto). Como complemento, neste senso, a revisión (mediante intercambio) allea de textos traducidos xa corrixidos na aula permite detectar problemas non identificados pola/o alumna/o tradutora/tradutor na súa autorrevisión, ben porque a/o alumna/o non sexa consciente dos erros, ben porque non se atreva a expolos en público. Para a solución destes erros estruturais, proponse complementar o traballo práctico coa resolución de exercicios específicos. As encomendas individuais, en tanto que simulacións de tradución profesional, permiten traducir seguindo un proceso secuenciado en fases. Tal e como demostran os estudos de tradución, estas fases favorecen a detección de problemas, xa que sinalan o erro e permiten distinguir a competencia que cómpre adestrar. En grupo, prevese incidir nestes aspectos, de modo que o alumnado adquira aquelas competencias que fan falla á hora de aceptar grandes encomendas de tradución, xa que no mercado real este tipo de encargos se distribúen entre os chamados equipos de tradución, debido non só ao volume, senón tamén á necesidade de estandarización de criterios. En resumo, a realización de simulacións de tradución profesional obriga igualmente a titorizar e revisar a corrección de aula, o que esixe unha atención individualizada e en equipo.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permtrirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante a encomenda de realización de cuestionarios sobre lecturas de artigos ou críticas sobre a materia.	15	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE10 CE12 CE17 CE18 CE19 CE21
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase todo tipo de exercicios relacionados coa competencia tradutora. Poderán ser exercicios que traten a autorrevisión, revisión e corrección alleas de textos traducidos nos que se insiran dificultades de tradución... Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos, como orais e a súa participación activa nas sesións.	30	CE22 CE24 CE25 CE27 CE30 CE32 CE33
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá presentar oralmente en idioma I, e de xeito individual, o traballo encomendado a comezos de curso. O traballo non é obrigatorio. Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos, como orais e a súa participación activa nas sesións.	0	CT12 CT15 CT22

Prácticas de laboratorio	Entragaráselle ao alumnado textos para seren traducidos. O alumnado tentará simular procesos reais de traballo. De obter apto, contará un 35% na avaliación continua. O control das entregas farase na aula na data de entrega sinalada mediante "folla de control de textos recibidos". Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos, como orais e a súa participación activa nas sesións.	35	CT11 CT14 CT17
Probas de resposta curta	O alumnado deberá ler varios artigos en idioma I (cf. bibliografía) que serán avaliados mediante unha proba de resposta curta.	20	CT4 CT7 CT8 CT9 CT10

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado ten que optar a comezos de curso por unha das dúas modalidades de avaliación:

**1** Para o alumnado que segue a **avaliación continua (imprescindible 80% mínimo de asistencia)**, todas as probas propostas son obrigatorias, agás o traballo (opcional) cuxa data de entrega será durante a primeira sesión á volta do período de traballo autónomo. O alumnado deberá superar todas as probas para poder superar a materia. O alumnado que suspenda algunha das probas deberá recuperar esa parte na data do exame de maio-xuño que terá lugar na última semana lectiva, durante a derradeira sesión. O **alumnado que suspenda a avaliación de maio-xuño**, deberá presentarse á convocatoria de xullo na data oficial, fixada pola Facultade, que incluírá todos os contidos da materia.

**3** Para o **alumnado que non se acolla á avaliación continua**, haberá dúas convocatorias de exame: maio-xuño (no horario e aula da última sesión e xullo (data oficial). O exame consistirá na realización dun traballo de tradución directa (inglés-galego), así como dunha proba de resposta curta sobre os contidos teóricos impartidos nas sesións. Non se permitirá empregar materiais auxiliares na proba de resposta curta, pero si na de tradución. Deberá superar as dúas probas para facer media.

### Bibliografía. Fontes de información

Boase-Beier, J. 2006. *Stylistic Approaches to Translation*. Manchester: St. Jerome.

Collie, J. van & W. P. Verschueren (eds.) 2006. *Children Literature in Translation*. Manchester: St. Jerome.

Dickinson, E. 2012. "Emily Dickinson: Poemas", en *Metamorphoses*, 2012. Amherst: University of Massachusetts. [Translated into Galego by Marta Dahlgren and Manuel Forcadela]. **[lectura obrigatoria]**

Even-Zohar, I. 1996. [A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario], en *Viceversa* 2: 57-65. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Fernández Rodríguez, A. 1995. [O papel da tradución no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego], en *Grial* 128: 541-554. Vigo: Editorial Galaxia.

Gentzler, E. 2011. "Translation, Culture and Publishing in the United States". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia*. Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

González González, M. e A. Santamarina Fernández (coords.). 2004. *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña: RAG.

ISO. 2013. *ISO 17100 Translation Services -- Requirements for Translation services*. Suíza: ISO. **[lectura obrigatoria]**

Lozano, W. 2006. *Literatura y Traducción*. Granada: Universidad de Granada

Luna, A. 2011. "Analysis Criteria for Editorial Translation Policies". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia*. Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

Luna, A, S. Montero Küpper e L. Valado. 2011. "Translation Policies from the Insight". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia*. Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

Maier, C. (ed.) 2000. *Evaluation and Translation*. Special Issue of *The Translator*, 6/2. Manchester: St. Jerome. **[lectura obrigatoria]**

Martínez, M, P. Barash. 2003. *The Dreamer who Unlocked the Secrets of the Universe*. Vantage.

Nord, C. 1997. *Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained*. Manchester: St. Jerome. **[lectura obrigatoria]**

Schwartz, R. 2011. "The View from the Ground. On the Professional Situation of the Literary Translation". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia*. Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

Valado, L. 2011. "An Overview of a New Focus on TQA: Translation Error Detection Method (Tedemet)". En *Translation Quality Assessment Policies from Galicia*. Berna: Peter Lang. **[lectura obrigatoria]**

VV.AA. 2011. Panorámica da edición española de libros 2011. Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas. MEC. [Dispoñible en liña: <http://www.mcu.es/lab/libro/d2002/produl.html>]. (Data de consulta 04-07-12).

Real Academia Galega □ Instituto da Lingua Galega. 2004. Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Santiago de Compostela: RAG/ILG.

Steiner, George. 1980. □Después de Babel: aspectos del lenguaje y la traducción□, en *Sección de Lengua y estudios literarios*. México, D.F.: Fondo de Cultura Económica. **[lectura obrigatoria]**

Valado, L. 2008. "Quen traduce en galicia?", en *Praza das letras*, pp. 10-13. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia

Valado, L. 2012. "Historical-Legislative Context and Publishing Translation Market in Galicia". En *Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación do castelán ao galego na procura de calidade*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo. **[lectura obrigatoria]**

Valado, L. [no prelo]. *El modelo Qualitrapo*. Granada: Universidad de Granada.

VV.AA. 2004. Dicionario Xerais da Lingua Galega. Vigo: Xerais.

VV.AA. 2004. Termos esenciais de botánica. Santiago de Compostela: USC.

VV.AA. 2006. Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

---

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español**

Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01927			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia de tradución 100% directa lle permitirá ao alumno unha primeira aproximación á teoría e práctica da tradución editorial, principalmente no ámbito da tradución literaria. O alumno será capaz de identificar as características dos textos literarios, de defender as súas propostas de tradución, de avaliar textos literarios traducidos e manexará as estratexias de trasvase e fontes de documentación necesarias.			

**Competencias**

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade

<b>Resultados de aprendizaxe</b>			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
